

Concello de Covelo

MEMORIA DE SOLICITUDE DESCRITIVA E VALORADA PARA SUBMINISTRACIÓN E COLOCACIÓN DE PLACAS DE NÚMEROS NO CONCELLO DE COVELO QUE SE PRETENDE FINANCIAR COA LIÑA 1 DO PLAN MAIS PROVINCIA 2024.

1. OBXECTIVO DA PROPOSTA

O Concello de Covelo realizou a revisión da numeración municipal no ano 2017, resultando da citada revisión un total de 2.716 inmobles con número municipal asignado. Deste total, resultan como números principais e secundarios un total de 2494, cantidade de placas a subministrar e colocar nos inmobles correspondentes.

A presente proposta consiste en subministrar placas cos mencionados números municipais ao concello así como a colocación das mesmas nas fachadas dos inmobles.


2. CARACTERÍSTICAS DAS PLACAS

As placas de sinalización de números que a empresa propón serán de PVC de 4 mm e cunhas medidas de 15x15, coa seguinte rotulación:

- Número municipal (e duplicado, se e o caso)
- Nome do Lugar ou Rúa o que pertence.
- Escudo e nome do Concello

O deseño e cor da placa será a elección do Concello.

A empresa procederá entón a colocación das placas de sinalización nas fachadas dos inmobles aos que correspondan, selados con Pattex premium (adhesivo de montaxe extraforte, resistente o auga e a exposición a intemperie). Nos casos de existir un número na fachadas, será substituído pola nova placa.



Exemplo placa pvc 15x15



Concello de Covelo

3. LUGAR E PRAZO DE ENTREGA

Os traballos descritos realizaranse nun prazo de 4 meses contados a partir da comunicación da aceptación da presente oferta.

As placas serán colocadas por todo o termino municipal.

4. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía será de 2 anos.

5. VALORACIÓN ECONÓMICA

Os traballos descritos, realizaranse por un prezo de DEZAOITO MIL CENTO SEIS CON CORENTA E CATRO euros (18.106,44 €) I.V.E. incluído.

Desagregación:

Total sen i.v.e.....	14.964,00 €
I.V.E. (21%)	3.142,44 €
TOTAL	18.106,44 €

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

